


A NOSA LINGUA, O GALEGO: UN PATRIMONIO CULTURAL A POTENCIAR

(Posicionamento da **CPR Concertado Andaina** ante as Bases para a elaboración do Decreto do plurilingüismo do Ensino non universitario de Galicia)

O centro Andaina iniciou no ano 2000 un Proxecto Educativo no que se propoñía “repensar o ensino” para deseñar unha proposta educativa, actual, de calidade, acorde co momento social e cultural no que vivimos.

Unha das nosas liñas de identidade é favorecer a diversidade lingüística e cultural coa que convivimos hoxe en día na nosa sociedade: o ensino plurilingüe. Entendemos isto coma un reto democrático, cultural, social e económico, fundamental para traballar unha identidade e crear un legado cultural común que non saiba de fronteiras. Unha educación de calidade ten que responder e apoiar o desenvolvemento da sociedade da información; para isto é fundamental preservar o respecto á diversidade lingüística e fomentar o plurilingüismo.

O Centro conta cun Proxecto Curricular Lingüístico, onde se recollen os obxectivos e as estratexias organizativas e didácticas para impulsar a aprendizaxe equilibrada das linguas que nel se imparten, partindo das linguas do contorno próximo, intimamente unidas á nosa cultura e á nosa identidade para ir progresivamente abríndose ás linguas estranxeiras. Na actualidade conviven no noso centro catro linguas: galego, castelán, inglés e francés. Todas elas están vertebradas a través do Proxecto lingüístico no que as linguas non se restan unhas a outras, senón que se suman cara á mellora da competencia lingüística en cada unha delas. O noso obxectivo é que os nenos e nenas ó rematar o ensino obrigatorio acaden a competencia lingüística nas mesmas.




Compromiso coa lingua galega

Andaina quiere sumarse ás voces que se están escoitando nas derradeiras semanas sobre o documento que se presenta como base para a elaboración do decreto de plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia, nas manifestacións como as que a continuación se recollen:

- *“Consideramos vixentes as propostas emanadas do actual plan de normalización da lingua galega. A nova proposta racha co modelo consensuado ate o presente”.*
- *“As bases para a elaboración do decreto de plurilingüismo supoñen un retroceso absoluto con respecto a todos os decretos aprobados desde a promulgación, en 1983, da Lei de Normalización Lingüística”.*
- *“As propostas normalizadoras deben basearse en criterios e fundamentos sociolingüísticos”.*
- *“Estamos ante unha proposta que incumpre a lexislación vixente”.*
- *“Redúcese o uso do galego nas aulas do 50% previsto no actual Decreto 124 e no plan Xeral de Normalización a un 30”%.*
- *“O galego deixa de ser o idioma da Administración Educativa”.*
- *“En Infantil, elimínase a obriga da presenza do galego nos contornos castelán falantes, polo que, na práctica, o galego desaparecerá destas aulas. En Primaria o galego pasa a ser unha lingua residual, ao deixar de ser o idioma de docencia de materias como Coñecemento do Medio, que se viña impartindo en galego desde 1987, ou Matemáticas, ademais de que as ordes do 87 e o 88 establecían outras materias ou áreas a maiores, polo que se poderían impartir en galego máis de dúas materias e acadar o 50 % do horario lectivo. En secundaria expúlsase ó galego de materias como Ciencias Sociais, tamén desde 1987, ou Matemáticas”.*
- *“O alumnado poderá usar nas materias impartidas en galego ou castelán a lingua oficial da súa preferencia; o que se contradí coa necesidade de velar polo uso vehicular de calquera lingua para poder garantir a súa competencia lingüística”.*
- *“Este plan supón a eliminación do noso idioma como lingua útil, desterrándoa do sistema educativo e despoxándoa de todos os dereitos, de tal maneira que non se afiance e gañe novos falantes entre as xeracións máis novas”.*
- (...)

En consecuencia:

- Consideramos que esta proposta non garante as bases para a construción dun “decreto consensuado” e pensamos que se están vulnerando os principios consensuados ata o momento e dende o 1983, en materia das linguas.



- Cremos que dende a Administración Educativa non se está velando polas directrices defendidas dende o Consello Europeo en materia de linguas minorizadas ao non respectar o cerne do espírito da Carta Europea de Linguas Minorizadas.
- Preocúpanos a indefensión e desprotección da lingua galega e a ausencia de medidas de promoción do galego nun momento de necesaria normalización.
- O proceso seguido na presentación das bases para traballar e elaborar un decreto “de todos e para todos” non parte da base de crear espazos de diálogo e contrución nun marco de consenso.
- Entendemos que non se está garantido o obxectivo dun ensino competente, no eido das linguas: un ensino de calidade que responda ao fin de fomentar unha sociedade galega formada para “ser cidadáns do mundo”.
- Defendemos que as propostas de centro en materia de linguas deben ser coherentes coas características do seu contexto sociolingüístico. Sabemos que o tipo de interacción que o alumnado ten coas linguas depende da relación que exista entre elas dentro do seu entorno social. A natureza deste contacto influirá psicoloxicamente na súa organización cognitiva e na competencia lingüístico-comunicativa que desenvolva para cada unha das linguas.

Os centros deben ter autonomía e confianza por parte da Administración para planificar contextos de aprendizaxe de calidade ante unha realidade multilingüística e multicultural cada vez máis presente nas aulas. As propostas que se fagan deberán estar fundamentadas pedagoxicamente, informando e facendo partícipes á comunidade educativa neste labor.

- Non concibimos que se poida desenvolver un proxecto educativo e un quefacer profesional sen o acompañamento, implicación e participación das familias. Máis, non estamos dacordo con calquera medida que desprestixie e diminúa a capacidade de decisión do labor docente.

Sabemos por Cummis (2002) que “As interaccións entre os educadores e o alumnado constitúen un determinante directo do éxito ou fracaso dos estudantes bilingües na escola”; hoxe parece máis difícil poder atender a rebaixar o nivel de fracaso no ensino galego.